



## **MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E A FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA**

1.- Esta Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de caza.

Esta competencia está recoñecida pola Comunidade Autónoma de Galicia no seu Estatuto de Autonomía (Art.27.30,30,1.3 e 33.1) aprobado pola *Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril*, e que lle foron transferidas en virtude dos *Reais Decretos 167/1981, do 9 de xaneiro, de transferencias de competencias da Administración do Estado á Xunta de Galicia en materia de conservación da natureza, 1234/1983 do 20 de abril, de adaptación de transferencias efectuadas á Xunta de Galicia en materia de conservación da natureza e 1535/1984, do 20 de xuño, de ampliación e adaptación de funcións e servizos do Estado á Comunidade autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza*, mediante os que se regula o traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma en materia de Agricultura, Pesca e Conservación da Natureza.

2.- Antecedentes: A Federación Galega de Caza foi constituída ao abeiro da lexislación deportiva aplicable no seu momento, actualmente regulada pola *Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia*.

De acordo co establecido nos seus Estatutos (aprobados mediante Asemblea Xeral do 18/12/2015 e ratificados por Resolución da Secretaría Xeral para o Deporte de data 27-1-2016), a Federación Galega de Caza é a única entidade que agrupa con carácter obrigatorio aos deportistas profesionais ou afeccionados, xuíces e árbitros, técnicos, ás sociedades ou asociacións, clubs, agrupacións e seccións deportivas, dedicadas á práctica do deporte da caza ou actividades que con ela se relacionen, asumindo, de acordo coas disposicións legais vixentes, a dirección técnico-deportiva das actividades cinexéticas nos seus aspectos deportivos en xeral.

Así mesmo, a Federación Galega de Caza está declarada de utilizade pública e baixo a tutela da Administración deportiva, de conformidade coa *Lei 10/1990, do 15 de outubro, do Deporte* e coa *Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación* e comportará os efectos establecidos nas mesmas e exercerá en réxime de exclusividade, entre outras funcións públicas delegadas, a promoción e a divulgación do deporte da caza en tódalas súas facetas, e a orientación dos deportistas á práctica do deporte da caza, mediante os oportunos cursos de iniciación, formación e perfeccionamento.

Así mesmo, a Federación é a representante da Comunidade Autónoma de Galicia nas actividades e competicións deportivas oficiais de carácter estatal e internacional, que se desenvolvan dentro e fora do territorio español.

3.- Finalidade: para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Federación Galega de Caza o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a 1 de xaneiro de 2017 ata o 30 de novembro de 2017.

4.- É obxecto deste convenio establecer as condicións para acordar a colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Federación Galega de Caza para a realización de actividades de promoción e divulgación da actividade cinexética na comunidade autónoma de Galicia que se recollen no anexo ao convenio.

5.- O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:



Os artigos 27º.30, 30, 30,1 e 33.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia, atribúenlle a esta comunidade autónoma a competencia exclusiva en materia de caza. Con base nesta competencia, promulgouse a *Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia*, que ten como obxecto a regulación do exercizo na Comunidade Autónoma de Galicia coa finalidade de protexer, conservar, fomentar e aproveitar ordenadamente os seus recursos cinexéticos de xeito compatible co equilibrio natural e cos distintos intereses afectados.

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en virtude do establecido no *Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio* ten atribuída a competencia en materia de caza, de acordo coa regulación recollida na *Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia*.

Na necesidade de ordenar a actividade cinexética e de dimensionala de xeito adecuado para posibilitar a súa xestión plantexan a necesidade de acadar uns obxectivos para orientar a ordenación legal da caza, avogándose por actuacións de promoción e divulgación do exercizo dunha caza máis responsable, máis sustentable e máis ética.

Isto tradúcese na necesidade de que a caza se realice en condicións de máxima seguridade para as persoas e os bens, coa esixencia de boas prácticas na caza, que aseguren unha caza sen sobresaltos.

Por todo o anterior, a Consellería pretende acordar a realización de actuacións concretas de promoción e divulgación como medida de fomento da actividade cinexética.

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio aportará dentro do exercicio 2017, unha contía de vinte e cinco mil euros (25.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 07.03.541.B.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

6.- Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fóra do ámbito de aplicación do *Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro*, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na *Lei 40/2015, do 1 de outubro, réxime xurídico do sector público*.